

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

ORDE do 6 de maio de 2021 pola que se amplía o prazo para a adhesión dos comercios ao Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia, a través dos bonos Activa comercio convocados pola Orde do 8 de abril de 2021.

A Orde da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación do 8 de abril de 2021 (DOG núm. 69, do 14 de abril) establece as bases reguladoras para a concesión de axudas en réxime de concorrencia non competitiva do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio, e procede á súa convocatoria e á apertura do prazo para a adhesión dos comercios.

A dita orde dispón no artigo 10.2 que «o prazo para adherirse ao programa será dun (1) mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*, sen prexuízo da súa posible ampliación nos termos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas».

Co fin de que todos os establecementos comerciais retalistas que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras poidan adherirse ao programa bonos Activa comercio, é aconsellable a ampliación do prazo a que se fai referencia no parágrafo anterior.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuídas a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación en materia de comercio interior, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único. *Ampliación de prazo*

O prazo para a adhesión dos comercios retalistas ao Programa de dinamización e incentivación do consumo a través dos bonos Activa comercio amplíase ata o 31 de maio de 2021.



Contra este acordo de ampliación de prazo non cabe recurso de acordo co disposto no artigo 32.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2021

Francisco José Conde López
Vicepresidente segundo e conselleiro
de Economía, Empresa e Innovación

